

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 15 de marzo de 2011 pola que se convocan axudas económicas para compensar gastos derivados dos accidentes de tráfico de persoal en función docente ou inspectora.

Advertida a omisión do modelo de instancia, segundo o indicado na epígrafe cuarta, punto 1 da citada orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 62, do martes 29 de marzo de 2011, é necesario proceder á corrección engadindo o anexo omitido:

ANEXO

SOLICITUDE DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA COMPENSAR OS GASTOS DERIVADOS DE ACCIDENTES DE TRÁFICO DO PERSOAL EN FUNCION DOCENTE OU INSPECTORA (Orde do 15 de marzo de 2011)		
APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
EXPÓN QUE:		
POLO QUE SOLICITA:		

En o de de 2011.
(Sinatura do solicitante)

Director xeral de Centros e Recursos Humanos
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Orde do 17 de marzo de 2011 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2011-2012.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 113º fai unha mención específica ás bibliotecas escolares e sinala que os centros de ensino disporán dunha biblioteca escolar, que estes recursos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico destes, que estas bibliotecas escolares deberán contribuír a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispón que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros, así como que a súa dotación se fará de forma progresiva.

Pola súa parte, os respectivos decretos 130/2007, do 28 de xuño e 133/2007, do 5 de xullo, que regulan as ensinanzas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autóno-

ma de Galicia, inclúen unha serie de competencias básicas que o alumnado debe adquirir de forma progresiva. A utilización dos recursos da biblioteca escolar supón un importante factor para o logro da competencia en comunicación lingüística, para aprender a aprender, o tratamento da información e competencia dixital, e a competencia cultural e artística, sendo así mesmo un recurso moi útil na adquisición das restantes competencias básicas. Estes mesmos decretos establecen a obrigatoriedade de que todos os centros de ensino non universitario elaboren os seus proxectos lectores de centro, co fin de articular as actuacións de todo o profesorado destinadas á consecución dos obxectivos pedagóxicos referidos á adquisición da competencia lingüística e das habilidades no uso da información, así como á adquisición e consolidación do hábito da lectura.

Para a posta en práctica dos proxectos lectores, as bibliotecas escolares son instrumentos imprescindibles, que as comunidades escolares deben organizar e dinamizar como un centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe, de carácter dinámico e en constante actualización. Así entendida, a biblioteca escolar pode ser un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica que axude a